

De Cantares Hoxe

35 poetas dialogan cos
Cantares Gallegos
de Rosalía de Castro

FUNDACIÓN
ROSALÍA DE CASTRO



RADIO GALEGA



Edítase este libro como resultado da iniciativa “*De Cantares Hoxe*”, promovida polo programa *Diario Cultural* da Radio Galega e apoiada pola Fundación Rosalía de Castro.

Esta homenaxe a Rosalía de Castro púxose en marcha en 2013, ano da celebración do 150 aniversario da publicación de “*Cantares Gallegos*”.

Edita:
Fundación Rosalía de Castro
Radio Galega

Imprime:
Imprenta da Deputación da Coruña

Dep.Legal: C 1766-2014

35
poetas
dialogan cos
Cantares Gallegos
de Rosalía de Castro

FUNDACIÓN
ROSALÍA DE CASTRO


RADIO GALEGA

Os *Cantares Gallegos* de Rosalía de Castro no século XXI

De Cantares Hoxe

**ANXO
ANGUEIRA**

*Presidente da Fundación
Rosalía de Castro*

O remuíño Cantares gallegos 2013 axitou con forza outra vez máis o emblema literario, social e político Rosalía de Castro. A Fundación que leva o seu nome, desde a nosa perspectiva, ten que participar e mesmo activar, dentro das súas posibilidades, este vigoroso remuíño. Foi neste sentido para a nosa institución un ano ben intenso e satisfactorio.

A obra que agora o lector ten entre as mans é produto dunha desas múltiples colaboracións que a Fundación Rosalía de Castro realizou con outras institucións, asociacións e entidades. Neste sentido, o proxecto do Diario Cultural da Radio Galega De Cantares Hoxe. Os Cantares Gallegos de Rosalía de Castro no Século XXI, é un proxecto ó que non lle podiamos virar as costas e grazas tamén ó compromiso da Deputación da Coruña hoxe pode ve-la luz.

Xuntar as voces e mailos textos da poesía galega de hoxe coa de Cantares gallegos parécenos unha moi brillante idea, un diálogo necesario. A vixencia de Rosalía e da súa obra fica moi altamente aquí representada. Parabéns a todo o equipo do Diario Cultural da Radio Galega e beizón ós poetas e ás poetas que continúan, amplían e actualizan o fío inesgotábel de Rosalía de Castro.

ANA
ROMANÍ

ANXO
QUINTELA

XIANA
ARIAS

*Programa
Diario cultural
da Radio Galega*

Este é un libro imprevisto. Aliméntase o paradoxo na constatación de que algúns proxectos desenvólvense movidos por un pulo interior que está fóra de propósitos previos, medran nun acubillo caloroso e entusiasta de palabras e acenos. Estes foron os nutrientes dun proxecto poético que foi medrando ao ritmo estimulante de voces e textos, os dos autores e autoras que participan neste diálogo coa obra poética de Rosalía de Castro e sementan a terra fértil na que predeu este libro que soa. A todos eles, a todas elas, o noso agradecemento por lle dar ás a unha idea que inicialmente o que buscaba era tons, dicións, as palabras e as voces da poesía na radio.

De Cantares Hoxe. Os Cantares Gallegos de Rosalía de Castro no Século XXI concrétese na escrita por parte de 36 poetas dun texto inédito a partir dos poemas de Cantares Gallegos. Procúrase un diálogo poético que nada ten de submisión a un texto dado nin de tradución dun noutro senón de exercicio de libre creación e recreación, cos materiais das poéticas contemporáneas, das tensións que emerxen nos textos de Rosalía de Castro. A iniciativa, que se enmarca na xenealoxía do literario e do seu carácter de palimpsesto no que tempos e voces conflúen subliña a vixencia da voz poética de Rosalía de Castro e a capacidade que a súa obra ten de seguir a xerar interaccións. Ao tempo, o proxecto pretende contribuír á conformación dun arquivo poético sonoro no que o poema, a súa dición, adquire a relevancia que a grafía ten no texto escrito.

No mes de abril do ano 2013 comezaron na Radio Galega as emisións do proxecto De Cantares Hoxe. A iniciativa, que puxo en marcha o programa Diario Cultural, quere contribuír á divulgación da obra de Rosalía de Castro, sumarse á conmemoración do 150 aniversario da edición de Cantares Gallegos e propiciar ao tempo un diálogo interxeracional entre a obra da escritora e as poéticas que conforman o corpus contemporáneo da poesía. As

emisións concluíron o día 24 de febreiro, 177 aniversario do nacemento da escritora. Con ese motivo a Radio Galega en colaboración coa Fundación Rosalía de Castro conmemorou a data do nacemento da escritora e o peche das emisións radiofónicas do proxecto poético nun acto na Casa Museo de Rosalía de Castro en Padrón.

A xenerosa participación de todos os autores e autoras xunto coa de todas as persoas que colaboraron nesta iniciativa, fixo posible que un proxecto que nacía con moita ilusión mais tamén sen unha ambición prefixada fóra de propiciar un diálogo coa obra da escritora se convertese, na nosa opinión, nunha fascinante confluencia de voces poéticas que subliñan non so a amplitude en profundidade da obra de Rosalía de Castro senón tamén da escrita poética contemporánea.

Agora, con este audiolibro, culmina o proxecto promovido polo informativo cultural da radio pública. Se ben a proposta inicial era un proxecto exclusivamente sonoro que se concretou na serie de emisións radiofónicas, a intervención da Fundación Rosalía de Castro deunos a oportunidade de reunir todo este fondo sonoro e literario nunha edición física que preserva e amplía a difusión deste proxecto poético colectivo. Este volume editado pola Fundación Rosalía de Castro e a Radio Galega recolle os 36 poemas inéditos e un disco compacto coas emisións radiofónicas do proxecto, as lecturas nas voces de autores e autoras e a lectura dos poemas de Rosalía de Castro na voz de Pilar García Rego tal e como foron emitidas. O resultado é unha das antoloxías poéticas sonoras con textos inéditos mais extensas e plurais da historia da literatura galega.

Queremos agradecer a todos os autores e autoras a súa xenerosa e entusiasta colaboración, tamén a aqueles e aquelas que por circunstancias diversas non puideron participar no proxecto. Agradecer así mesmo o magnífico e xeneroso traballo de Pilar García Rego poñendo voz aos poemas de Rosalía de Castro. Finalmente o noso agradecemento á Fundación Rosalía de Castro por acoller con tanto interese este proxecto que agora e grazas ao seu compromiso se materializa neste audiolibro que tes nas mans. Agardamos que este palimpsesto sonoro colectivo de celebración do poético contribúa á divulgación da obra de Rosalía de Castro e das plurais poéticas contemporáneas ao tempo que achegue un material de interese na conformación dunha memoria sonora da literatura galega.

Poemas

ORIANA
MÉNDEZ

Dialogando con
Has de cantar... III

Un espazo habitado é unha chaira transida polo conflito
Como xerminan os desacougos dunha cidade
en estado de latencia
Corazón soldado
Territorio que se escorda de si mesmo
Esta é a espuma sobre os muros
nos rostros
nos dentes
no tempo que foi de Abelardo Collazo
no tempo dun lugar
que medía o seu pulso
contra da Historia

E non petan nas portas
non son convidadas:
Esténdense sobre a parede
A guerra O sal A ferida

Cando ninguén sabe de nós aquí
non vexo ninguén capaz de recoñecernos:
A lama indo por dentro dos ollos
na mente

A folga A espesura As vidas enteiras
Devolveranos distintos
o río

MARÍA
LADO

Dialogando con
*Cantan os galos
para o día*

escoitas?
vén o día, lindísima
que o borra todo, mesmo nos hoteis
lexións de limpadoras desnudan as moquetas,
coas súas máquinas infames
engolen os nosos pasos nocturnos
e non queda rastro
de quen eramos onte

sai agora, vai
ou perderás o camiño de volta.

amor, son só os ruídos da madrugada
non fagas caso,
as campás do día aínda soan lonxe.

pero se son os cristais da alba, despedazándose
e en breve o mundo
estará sementado de trampas.
sai agora, vai, é o mellor
porque virán buscarnos

pois daquela,
daquela,
atoparánnos.

OLALLA
COCIÑA

Dialogando con
Miña Santiña

éntranlle metais pesados que nunca se absorben
vai cegando a cada puntada
perde habilidade e os fíos
cando prepara as canelas
olen diferente dependendo da cor, e son cores primarias

de xogos triviais
pode ir vivindo ata a seguinte xeira
pero algunha vez perde coa noite o día
e chega tarde ao traballo, e non fai ben o labor
todo se mestura con artesanal delicia
nun presente torpe, esencial
que cobra forma

o soño concibíndose

ata que entran e ten que soportar que lle falen do seu destino
e ras, o soño
desaparece, alcohol evaporado
de novo cores primarias para aceptarse

na festa onde se arrecanta
precisa saber moi pouco
a mañá, o mañá, está perdido
non vedes que co barullo dos astros movéndose
non vos escoita?
concentrada en atopar alguén
que a acompañe ata o mesmo ceo

MARÍA
REIMÓNDEZ

Dialogando con
Nosa Señora da Barca

É ela quen foi diante
co peito zarrapicado de vento
mais somos moitas máis
as que imos detrás
zoando coma un mar eterno.
Somos, unha e cada unha.
O mar é noso,
a barca,
a dignidade
o solpor
e os petroleiros.
Camiñamos unidas
reclamando a festa
dende o negro silencio
zarrapicado de piche
de xofre e de desalento.
Chegan as nosas voces
de Muxía
de Laxe
de Riveira
do centro mesmo
da terra.
Non traen con elas
as gaitiñas e os tambores
para marcar ningunha festa.
Mais traemos as fitas
e aquel son campanudo
a quen o mar con bramidos
humildosos contesta.

[...]

Continúa
MARÍA
REIMÓNDEZ

Porque sabe que son as nosas voces
as que sementan o futuro
do corvo mariño
da ourizo
da ameixa
e da balea.
Ela é o mar que abala,
eles son os que abalan a pedra
sempre cargados os petos
e nós somos
as que abalamos
o mundo enteiro.

XABIER
CORDAL

Dialogando con
Fun un domingo

a casa está en todas as direccións. Hai un tocadiscos posto

[Cantares Gallegos, 7]

mira

recollo a cociña
co mandil marrón

frego
o compás seis por oito
despeza ao chocaren os pratos

o meu país
fora
unha célula
dera formado a pel, o intestino

o efecto doppler
vaise afastando a tarde

pasan carros, camións, sereas
é lonxe cando o sol se deita
nos meus tímpanos

coma cousa de encantamento
bate o eco dunha voda
e dous homes
marcan na mesa
que está cuberta
por un mantel
o ritmo da estirpe

...

[...]

Continúa
XABIER
CORDAL

e a noi
e a noi
e a noite

a noi
a noi

brilla en ti, vinilo negro
a agulla vai e vén

miras
o azul que desaparecera
ninguén había chorar

o domingo á tarde desfíxose escuro
encaixa na pantalla
Paras. Gravas a quietude
ao voltar da festa

o aire fresco
levanta o teu vestido

unha coroa de estrelas
xira sen rumbo

ROMÁN
RAÑA

Dialogando con
Fun un domingo

*Polo muiño as cousas non
souberon calar*

Mirai que a levedura fosforece
e nos saúda, ouvide o seu alento
cantando na fariña; resplandece
o millo e, na atafona, nun momento,
estourará en migallas o infinito.
A gorxa é unha festa repentina
mastigando o seu cántico bendito.
Arderá como o pan pola retina
unha febre azulada, un arrepío.
Eis o fervor brotando das persianas,
o noso amor nos ollos dunha cerva,
os zapatos flotando polo río,
igual que nós a vida nas pestanas
abertas para sempre sobre a herba.

MARÍA XOSÉ
QUEIZÁN

Rap repoludo

Dialogando con
Un repoludo gaitero

E quer que lle quer
e quer que lle quer.
e que van querer?
Poder.
Poder as mozas tocar
ao son da gaitiña
que as fai reloucar.

Rosalía ben sabía:
as mozas se sometían
ao poder de sedución
de arrogantes repoludos
donos da gaita imperial
son e sona universal
A gaita favorecida
enche o fol na economía
na fama e na valía.
Ninguén lle nega o dominio.
Resoa nos bancos,
nos ministerios,
nas academias
e nos concellos.
Todos a tocan.
Se tocan mal
igual liberan
poder sexual.

E quer que lle quer
E quer que lle quer.
E que van querer?
As mulleres no fogar.
Fóra da orquestra
sen instrumentos.

Continúa
MARÍA XOSÉ
QUEIZÁN

Se tocan algo
serán tarteiras.
Fol e soprete
punteiro e roncón
son privilexios do superior.
Para grilanda da diversión
farrapos de gaita nelas penduran.
Que foliada toca o patrón.

Rosalía ben sabía
elas ían ao seu tocar
fascinadas ao sentir
acordes de autoridade
sons de triunfo e vaidade
en sorrisos compracentes
en bocas de escorrentar.
Elas fervorosas ían.
Cegas...cegas que non vían
a luz que as ía queimar

Mais cando a gaita sopraba
Elas louquiñas bailaban
pernas longas, coxas, cachas
movían e as ofrecían
dedos cheos de caricias
cativadas, atraídas
e quer que lle quer
e quer que lle quer

Continúa
MARÍA XOSÉ
QUEIZÁN

E que van querer?
O que o gaiteiro quixer.

A fama, creto e renome
da privilexiada gaita
anda en pobos e cidades
ten reputación viril.
Soa na empresa,
tamén na igrexa,
soa na escolas.
As nenas tolas
buscan quimeras.
E quer que lle quer
e quer que lle quer
e que van querer?
A luz que as ía queimar.
Pobres pombas,
mozas meigas
que se deixan enganar.

A foliada máis traidora
soe tocala o papá.
Ten o seu punto
a fresca rosa
de ser collida
alá pola mañanciña
mentres a rosa soñaba
alguén pola porta entraba
mandaba no seu xardín.

[...]

Continúa
MARÍA XOSÉ
QUEIZÁN

A nena doese e cala
nunca soubo se soñaba
unha sombra que a tocaba
e coa gaita desfloraba
os pétalos da súa rosa.
E quer que lle quer
E quer que lle quer
e que van querer?
As tetas tocar
a testosterona
segrega poder.
Cun aquel de señorío
tocan con puxante brío
como quen monta un corcel
o corpo que se abandona
unha pel que sabe a mel.

O cinismo poderoso
deixa tranquila as consciencias
dos gaiteros fachendosos
cando ven as decepcións
e a tristeza que producen.
Son elas as que seducen!
O repoludo alardea
eu non o podo evitar.
Non sexan elas toliñas
non veñan ao meu tocar.

XULIO L.
VALCÁRCEL

Dialogando con
Quixente tanto,
menina

Contra o seu amor

Contra o seu amor
ergo muros
constrúo diques
socavo foxos
defensas levanto
contra o seu amor

Contra o seu amor
preveño seguridades
protexo o corazón
de calquera risco
Non me convén
en exceso xove
e voluble argumento
demasiado vello
e cansado de volta
da paixón matino.

Contra o seu amor
preparo saídas estratexias
non a verei bonita
non lle tocarei un dedo
limitareime a ser cortés
pero distante

Continúa
MARÍA XOSÉ
QUEIZÁN

Contra o seu amor
elaboro plans
que nunca resultan
algo imprevisto sucede
sen saber como
un aceno un roce
unha caricia
un beixo polo que entra
o mar desatado
desfacendo de golpe
os muros da indiferencia
os diques da distancia
os foxos do olvido

Perplexo e mudo
como un neno que ve o seu
castelo
destruído polo onda fatal
contemplo incontestable
o seu amor que me asolaga
destrúeme redímeme
abate todas as defensas
arrebátame a un vértigo
no que me salvo naufragando

MANUEL
DARRIBA

Dialogando con
*Campanas de
Bastavales*

Ábside da igrexa de Vilar de Sarria (románico, s.XIII)

*A catequese adolescente pé do ábside
románico puro; e hormonas
encirradas nos bancos de madeira
[corpos divinos]*

I

Xusto é que a pedra esboroe o facebook. Nada que alegar,
ábside do Trece. Vencedor
sobre redes e biografías.

A razón para voltar de cando en vez
será un sepelio e botan flores
en anacos de nosoutros.

Non imos axustar contas cos reloxos,
non agora,
non nunca.

[Peitos abrindo no incenso aos catorce anos
Como é posible
ter un día catorce anos?]

II

Pechando un ollo o dedo esvara
pola torre e a campá,
e o dedo engúrrase e esvara aínda
pola torre e a campá.

[...]

Continúa
MANUEL
DARRIBA

A alborada que tocaban nos oitenta,
masterizada doutro xeito,
era a mesma.

Tanta baixada en vertical para caer de pé,
mudan as campás,
as badaladas fican.

III

O home palimpsesto gusta dos paseos
palimpsesto,
das estampas
palimpsesto,
do real
imaxinado.

É chegado o momento de tentar
unha astronomía consonte
á biografía.
Entre a estrela polar e a cruz do sur penduran fotos
da mamá con minisaia de campá.

Podías xacer na herba enchoupada de chuviña, mirando arriba,
[galopín.

O pano das estrelas no inicio da función,
o pelotón de apuntadores listo para a descarga.

A liña de campo magnético mantén a traxectoria
a rentes do ábside. Ergo,
o compás é o que falla.

A pedra de ida e volta sen indicios de cansazo,
toujours recommencée, sempre
reiniciando.

Continúa
MANUEL
DARRIBA

IV

Criámonos afeitos á luz, desenvolvemos órganos invisibles
para absorber e procesar fotóns e incorporalos,
e cando falta un fotón renxe unha falla.

Queda abolida a ordenación das épocas,
a luz nacida hai un milisegundo
é a primeira aurora.

Por aqueles montes estourou a bomba de Hiroshima,
grandes abismos devoraban o sol e toda a vida
reaccionou concentrada baixo a cúpula.

Agora lembremos os aprendices de mago que ingresaban
no gran laboratorio da transformación e a morte, e tanta
marabilla
xamais puideron gobernala coa razón.

Unha cartografía ao tacto leva ao ábside do Trece,
e do ábside ás paredes que se esfarelan nas puntas dos dedos
e das paredes ao mármore dos nichos: Manuel Darriba Corujo,
[1906-97.

Como unha manta vella coñecida, erosionada,
entrar na noite e reducir a acción a un alento,
e que todo susurre á vez e proclamar o final
da estridencia. [...]

Continúa
MANUEL
DARRIBA

V

Tanto acompañarse e nunca dar co acaído,
o metrónomo expulsounos do ceo do ritmo,
o baile non tiña
graza ningunha.

Está imposible o aluguer de refuxios nucleares,
se asomas a cabeza has ver unha gama de vermellos polo ceo,
e nesas illas estrías amarelas trazan signos
para os que han fundar novas escolas de interpretación.

Eu son o construtor de baladas para os ábsides do Trece,
condenado a solista por falta de carisma,
e no cantar collen cousas e avatares;
e non vos ha quedar outra
que escoitar estes discos

*A catequese adolescente pé do ábside
románico puro; e hormonas
encirradas nos bancos de madeira
[corpos divinos]*

CESÁREO
SÁNCHEZ

Dialogando con
*Campanas de
Bastavales*

Variación Abril

As badaladas caen coma poalla clara
na noite que adormece.
Dóíome de amor.
De desamor ferido dóíome.
Dóenme

as badaladas retembran fanse vida
entraña.
En min para o meu contento
paseniño fanse voces de infinito paseniño
dóíome por quen vivo

Luz calada no seu camiñar
na follaxe canta.
Luz de lúa día sen ave clara.

Sombra sen saber dóíome de amor.
En soidades doio
no que nace e no que morre.

Amante vida amada
Do seu amor ferida dóíome.
De soidades

doio en amor e as sombras
aparecen danme a dor
En meu abrigo.
fágoa entraña miña vida ferida gume
miña vida enteira.
Na fontíña o canto de alborada primeira
ven coas súas azas paseniño voa de branca pluma.

[...]

Continúa
CESÁREO
SÁNCHEZ

O meu contento sen saber a lúa voa.
Nin me fala só me escoita de mañanciña clara.
A lúa
sen saber
na pupila trae
o recordo do amor.

Piador o vento pasa a lúa e ven a noite.
Acólleme
para a luz e meu sosego.
Ven para o amor e dáme abrigo de soidades

con mans labregas ceifadoras de centeo.
Sachadoras mans do millo novo acariñaran os cabelos
da poeta.
Tenramente barro humano.

XAVIER
QUEIPO

Dialogando con
Vinte unha clara noite

Deconstruíndo “vinte unha clara noite”

MATERIAL DE BASE

Vinte unha clara noite,
noitiña de San Xoán,
poñendo as frescas herbas
na fonte a serenar.
E tan bonita estabas,
cal rosa no rosal,
que de orballiño fresco
toda cuberta está.
Por iso, namorado,
con manso suspirar
os meus amantes brazos
boteiche polo van,
e ti con doces ollos
e máis doce falar,
meiguiña, me embaucastes
en prácido solás.
As estrelliñas todas
que aló no espazo están,
sorrindo nos miraban
con soave craridá.

GLOSARIO DE AFECTOS

Ollada. Vector de forzas que se encontran no infinito da nada. Monotonía de invernos de brumas e friaxe. Mariñeiros cegos, ávidos do reflexo nesa linde que divide ceo e mar.

Amor. Cravo fónico no corazón de xade. Esperanza na ledicia do reencontro. Ventre descarnado por un coitelo invisíbel. Quen tiña a chave do corazón ardente? Quén fluxiu logo da noite estrelada?

Continúa
XAVIER
QUEIPO

Lembranza. Fiestra aberta ás dúbidas do que puido ser e non foi. Fluido de ausencias. Alimento dos momentos de insomnio, de vixilia, de vagas recordacións.

Toliña. Vagalume que atrae para logo fuxir voando. Imaxe especular do desamparo, do reflexo do que non temos, do que procuramos nun mar de somnolencias.

RECONSTRUCCIÓN CEGA

Percute a ollada
No espello dos amores
Alentan vagalumes
Nos corpos que se xuntan
Pensando en ti, ruliña,
Vermello o cravo arde
E o corazón de xade
estoupa en mil anacos.
Estrelas agochadas
Baixo un manto de nubes
Amor prendido a serio
Na espiral que retorna
Soñando cada noite
O efémero momento
que estiveren nos teus brazos:
toliña que me asombras
En prácida lembranza.

ANTÍA
OTERO

Dialogando con
San Antonio bendito

Sempre foi dabondo
unha lousa para me salvar
e unha palabra túa
para pousar os xeonllos

As candeas xirando no aceite
e o *San Antonio* de cerámica
estraperlo de estampas
de man en man entre as veciñas
co tríptico do corazón bombeando
cen pombas voando o celeste

As túas febres son as miñas derrotas

Esta casa aberta
por anos e anos
medo e mazás nos caixóns da cómoda
e todo o interior a remollo
dedos rozando a vertixe da boca

As túas febres son as miñas derrotas

A horta
os cans
o arame para que non escapen
os teus cans
os tiros da caza entrando á mañá

As túas febres son as miñas derrotas

[...]

Continúa
ANTÍA
OTERO

A artesa
café e lavanda
pescozos alongados das alfombras
no atardecer que sobre a lámpada corta o ceo
e as paredes
ruído de fondo verde vermello placenta

As túas febres son as miñas derrotas

E nós imitándoas nos xestos
dobrando os xeonllos

discípulas percorrendo
cruceiro
e transepto
cos zapatos de domingo
marcando os pasos

túmidas
coa boca entreaberta chea de corpo
pensando se mordelo ou non
camiño do dourado
e toda a suor bordada a encaixe
na sombra alongada dos santos

LUIS
GONZÁLEZ
TOSAR

Dialogando con
Adiós ríos, adiós fontes

Aire e donaire na saia que revoa
e que leva a herba seca,
lévacha toda!
Aire que asubía na cabana
entre as tellas sen pan,
amoras danzando na silveira.
Aire contra rella e remo,
fanegas de sombra no aire.
Aire de morto que non cheira,
aire podre e choco no navío
que carrega corpos, rostros
e maus atoutiñando,
na procura da luz.
Tempo de aire, nordesía,
vento zonda da América
para matar a fame e os piollos.
Queridiño do meu peito!
figueiriña seca, alento espido,
tronzadura inmensa dun aire
que racha, fende e atravesa
este pobo trasterrado,
silencio anteposto na memoria.
Aire dela, aire do seu aire.

CLAUDIO
RODRÍGUEZ
FER

Revolución rosaliana en Nova York

Dialogando con
Adiós ríos, adiós fontes

non sei cando nos veremos
Cantar popular galego glosado
por Rosalía de Castro

Dende a fouce irredenta cara á estrela branca da liberación que
deixou Castelao na pequena Galicia de Nova York,
xustiza poética, revolución rosaliana.

Ríos, fontes, regatos, prados, arboredos, queixumes que move o
vento na memoria,
revolución rosaliana.

Polo exiliado González, que deu nome a un carballo americano e
comprende os chíos das aves ceibes de Central Park,
liberación alada, revolución rosaliana.

Paxariños piadores, amoríñas das silveiras, camiñiños entre o
millo polas grandes avenidas,
revolución rosaliana.

Polo emigrante Prol, quen perdeu todas as fames que levou a
América menos a da fraternidade,
igualdade social, revolución rosaliana.

Hortiña que quero tanto, muíño dos castañais, figueiriñas que
plantei no corazón de Manhattan,
revolución rosaliana.

Por el esperantista Conchado: non quixo volver a Galicia
mentres gobernase o tirano, mais volverá Floreal como o seu
nome laico,
memoria musical, revolución rosaliana.

Continúa
CLAUDIO
RODRÍGUEZ
FER

Vista dos meus ollos, terra onde me eu criei, casiña do meu
contento, noites claras de luar do Bronx a Brooklyn,
revolución rosaliana.

Pola misteriosa María Docampo, a quen seguiron a Galicia
dezasete misteriosas puñaladas machistas,
vindicación feminina, revolución rosaliana.

Pola aldea que coñezo, polo mundo que non vin, tantas légoas
mar moi dentro e lonxe das illas da Liberdade,
revolución rosaliana.

Polo *bos* e polo *sogüei*, por *parquear* e por *chequear*, pola *ticha* e
polo *guachimán*, polo *chis* e polo *queique*, *comán!*, *comán!*,
ghariope!, *enighau!*, revolución rosaliana.

Pola gran mazá de todos os sabores, pola rosa de cen follas
doutros tantos arrecendos, pola mestiza masa multicolor de
sempre,
revolución rosaliana.

Ou pola muller na beira da baía lendo estranxeira na súa patria
e proclamando cos brazos abertos a todos os animais do mundo
sen distinción de especie
a revolución rosaliana!

Din que non falan pontes, metros, rañaceos, pero as mans que
os fixeron deixaron no horizonte a liña celeste da revolución
rosaliana.

Porque só os soños son verdade na eterna primavera das prazas
e dos parques, onde se diversifica o mundo en permanente
floración rosaliana.

Dende as fiestras que limparan inmigrantes galegos a centos de
metros de altura da súa terra, Nova York é unha utopía existente,
como a música muda, o galenglish, a soidade e a revolución
rosaliana.

ELVIRA
RIBEIRO

Aliméntase de pequenas preas

Dialogando con
Eu ben vin estar o moucho

aliméntase de pequenas preas
faíme a cama co embozo bordado de insomnio
con coidado
con coitelas
abre coa súa patiña de gata invisible a porta entornada
sóbeme ao colo
ao mesencéfalo
ao alto dos cavorcos
baixa aos ventrículos estrulla o miocardio
cuartel de inverno na aorta
e larvas saíndo do embigo tan pouco a pouco
que me queimaron penso

faíme a cama pulcramente sen narcóticos
para que nada anestesia o corte limpo
con coitelas
induce lesións medulares nas palabras
contactos retráctiles
vén co frío procurando o seu camiño polas xuntas
até o nervio óptico
trae mortos viventes á miña mesa
augas chocas
e despézame nos pesadelos de quen me ama
(nos meus apenas me fai andar en coiro)

[...]

Continúa
ELVIRA
RIBEIRO

pon ruda entre os grans do meu azucre
e adobía con xesta algunhas ensaladas
consecuentemente
debería ter máis coidado co que como
co inverno que trae nas coitelas
coa súa patíña no nervio medular
ou prever as fauces do insomnio mortos rudas
augas chocas

son unha prea pequena non hai máis que verme
para esa boca desdentada de bebé ansioso
mais podo aínda soste o zoom da súa pupila exacta
mentres fai a miña cama con coidado e escalpelo

HELENA
VILLAR
JANEIRO

Dialogando con
Eu ben vin estar o moucho

Non che teño medo, moucho

*...Que o moucho, fita que fita,
me aspera naquel penedo.*

Rosalía de Castro

É nas horas duras de lobos famentos,
bailen ou non meigas nas espesas tebras,
cando o vento xeme polas regandixas
do interior noctámbulo espallando o medo.

É nesa paisaxe de angustia vestida,
de interior caroca nunha árbore vella,
onde muros, chantos, ocos e portelos
lle lanzan ao medo liames tendidas.

Sexa en tellas, portas, campás ou seimeiras,
en calquera esquina na que o medo axexe
baten os fantasmas con alas de mucho
plumas aceiradas e ollos de lumieira.

Sexa en cemiterios, xesteiras ou prazas,
xardíns, penedíos, igrexas ou chouzas
os ollos do medo vístense de moucho
e volven os corpos pétreos como estatuas.

[...]

Continúa
HELENA
VILLAR
JANEIRO

E que necesaria se fai nesa noite
atrelada e presa nos fondos misterios
tirar ese berro que dá valentía
e privarlle ao moucho que nela revoe!

E que necesaria se fai a afouteza
de buscar remedios contra o medo aleve,
cando se encarnizan os ollos do moucho
e nós decidimos erguer a cabeza!

Co berro sacamos os mofos umbríos
do interior deixando que os enxugue o vento
e xa renovadas berramos con brío:

-Moucho, fita, fita, subido ao penedo.
Podes fitar moucho. Xa non teño medo.

CELSO
FERNÁNDEZ
SANMARTÍN

Dialogando con
*Eu ben vin estar o
moucho*

- Non me instalarei en Moldavia nen en Montreal
- Non me instalarei na península do Sinaí nen noutro sitio así
- Non me instalarei... quedarei onde estou
- Non me instalarei tampouco na cima dun monte de doado acceso

- Instalareime onde teña os meus naturais tropezos
- Instalareime onde non me escondan o río
- Podo aturar un número de palabras, olladas e distancias que me escozan
- É ata un motor acelerando un coche parado

- Instalareime no sitio mesmo do pano da porta
- Instalareime onde haxa máis dun día ó ano para xuntarse
- Instalareime na mansedume e na fala, tamén no contrario e no silencio
- Pois eu na distancia e no amor

- Magóame a pedra solta
- Os pés eu téñoos queimados por baixo
- As miñas pálpebras xa parecen aletas
- Pois na miña casa ás *pálpebras* chámanlle a *teña dos ollos*

- Como chocaremos de broma se non veñen á festa os coches de choque
- Quen lle quererá dar un bocado á miña merenda
- Suspirarei polo cativo anaco de chiculate
- Terei que descansar cun ollo aberto

[...]

Continúa
CELSO
FERNÁNDEZ
SANMARTÍN

- Pois miña avoa dicía que dicía seu pai e xa a nai de seu pai o dicía

Onde vivan cen, vive ti tamén

e

Unha mosca soa non fai vrau

Ou como lle escoitei cantar en Zobra ás mulleres

O Piollo e máis A Pulga

Foron xuntos a Soutelo

E O Piollo tiña frío

E A Pulga doulle o mantelo

- Eu irei onde digan con respeito

Sopa de carne Monte de carne

EVA
VEIGA

Dialogando con
Pasa río, pasa río

Coma a quen lle arrincan de súpeto
unha árbore fondísima
deixando ao aire esgazos de raíz,
coma se un invisible fío de diamante
fose seccionando aquelas partes
onde aniña a voz,
coma cando o mundo todo se estremece
porque cae a bomba no mesmo instante
en que nacía a flor,
coma no despiadado soño
en que os ollos se abren a esa luz
onde ninguén máis os pode ver,
coma se o ceo enteiro dese a volta
e xa nada atopase
alén de si o seu lugar,
coma o río que nos leva
en desbordo fincando
da outra beira da cortiza
o corazón.

EDUARDO
ESTÉVEZ

Chora meu meniño

Dialogando con
Ora, meu meniño, ora

*chora meu meniño
chora*

quen che vai dar a teta?

*se túa nai vai na fábrica
na folga
na cola do paro*

*teu pai no sindicato
no mar do norte*

o todo silencio escuro
a arrodear
o teu só silencio feble

o espazo no que medras
o mundo
contendo a respiración

o día xa marchou

e na escuridade pecha
podes sentir
dous corpos a abalarte
cos seus sonos intranquilos

igual mañá non hai
pan

pero hai xermolo

[...]

Continúa
EDUARDO
ESTÊVEZ

*que túa nai
limpa na casa dos ricos*

frega as sobras da farta

*e teu pai escribe currículos
que van directos á papeleira
de reciclaxe*

e no silencio
ti sintes medrar
apreixas
calquera fío de luz
de chuvia ou gris
a escorregar entre as contras

procuras
os sons da rúa

do mar

o canto da balea

que fai coas túas
bágoas
un acorde
levemente disonante

*e se túa nai
cose botóns por milleiros*

teu pai na barricada

e ao chegar a tarde
regresan

Continúa
EDUARDO
ESTÊVEZ

cansos como de arar
co son do vento
o repenique
da chuvia nas ondas

*durme
meu meniño
durme*

que haberá recendo
a caldo limpo
e pan algo reseso

se o mallas
enchópase
como unha idea

e medra e quita
a tristura

mira a luz
como medra
por entre as contras

e o arrolo
da balea

*durme
soña meu meniño*

imaxina
que se abre a fiestra

e co aire salgado

alá ao final vén
un horizonte

YOLANDA
CASTAÑO

Que é dor / A dor que de veras sente

Dialogando con
Non che digo nada

Teño cara de gustarme
as cousas que non me gustan.

Os labios de toda a xente
falan sen despegarse.

Isto tamén é así.
As paredes dunha gruta na que alguén, hai dez mil anos,
desdoura o natural da pedra.
Moedas, corrente alterna,
unha rapaza nada cos xenes da beleza,
toda picada de complexos.
Coma un orgasmo de Hedy Lamarr, os ollos de Nikola Tesla.
Un país onde non ser,
onde só cómpre
parecelo.
Luvas desenfundadas, sal, a máis prestixiosa
de todas as escolas de dobraxe.

O capital é o pesadelo
de quedarmos atoados na nosa capacidade simbólica.
A máis favorecedora de todas:
maquillaxe tanatoestética.
Anos de traballo voltos un pedazo de granito ecuestre.
Unha industria da miseria, as leiras do volframio.
Coma un corpo ardente que sabe, e
disimula.
Pestanas postizas de marca barata, unha imaxe
idéntica a si mesma.

[...]

Continúa
EDUARDO
ESTÉVEZ

*Tantos milagres vellos,
tan novas ensinanzas,
que non che digo nada...
Pero vaia!*

Coma poesía política que se confunde
cunha autofoto fronte o espello do baño.
A metonimia do mal,
normativo dislocado.
Escenificación, menú, a escaleira de incendios do discurso.
Algo ao que lle medran raíces aéreas
e devece por volver á terra en canto hai tempo que saíu á luz;
coma os ollos das patacas.

A ollada do poema é tamén así:
filas de formigas obreiras
esmagadas para permanecer,

restos de acenos
que parecen

outra cousa.

MARÍA DO
CEBREIRO

*Dialogando con
Mais o que ben quixo
un día*

O vacío

O seu corazón en ningún caso tiña
o ritmo dunha estrela. Non foi pequeno
e non foi miserable. Foi barro un día
porque o barro é certo. Foi paxaro
unha noite porque os paxaros cantan.

O corazón da noite non ten rostro.
O mundo odia a quen sabe mostrar o seu vacío.
Que tes frío e tes medo, ganas de ser tomada
polos brazos que non poden collerte.
Toquei a man dun home. Estaba fría.
Non era o disimulo, era o inverno de anos
que se apousara aló, e por iso era branca.

Pola man dese home podería viaxar
cara ao grande espectáculo do medo.
Soñei coa confesión.
Desde que o mundo é mundo,
a verdade non sempre di a verdade.
As lágrimas non son unha gramática,
sufrir non significa máis que o sol.
Doémonos e o corpo
retórcese entre as xestas
e as xestas que se torcen son o sexo.

Á miña idade tiñas varios fillos,
tiñas unha cadeira e unha cama.
Sabes o violenta que é a verdade.
Coñeces a soberbia de dicila.
Es consciente da ira que desata.

CARME
BLANCO

Xente gallega

Dialogando con
*Castellana de
Castilla*

*Castellana de Castilla
tan bonita e tan fidalga*
Rosalía de Castro

Son gallega
son xudía
son moura
son romaní
son arrieira
son holandesa
portuguesa
veneciana
aragonesa
errante
móbil
emigrante
estranxeira
estraña
estremeña
mestiza
íntegra
indignada
digna
feliz
provinciana
de quen me deu
América
Europa
un lugar da Mancha
Alicante
Murcia
O Bierzo

Continúa
CARME
BLANCO

atlántica
mediterránea
pacífica
catalá
vasca
sen vascas
vaqueira
indiana
viaxeira
bohemia
vagabunda
temporeira
transhumante
mozárabe
conversa
expulsada
desafiuzada
masona
sefardí
fronteiriza
delicada
doce
salgada
graza
flamenca
francesa
suíza
italiana
grega
galega
castellana
sublime
ben amada
bastarda
fidalga
fregona
ilustrada

Continúa
CARME
BLANCO

fera
civilizada
de vangarda
romántica
primitiva
gótica
dama
dos Portos
e da Ribeira de Avia
damo
da Habana
de Río e da Plata
amiga
do Porto
e da Ribeira de Chantada
fado do Porto
e de alá en Santoña
castelá de Castela
filla de xente gallega
fermosa
fresca
rosa
negra
morena
dourada
amiga de León
e asturiana
nai de xente gallega
pan trigo branco
en terras castellanas
exquisita galleguilla
cousiña
mariñada
muiñeira
augua
rula

Continúa
CARME
BLANCO

sorriso
verdadeiro
vento
baño
caldo
cereixa
alegría
alicia
aurora
alborada
canteira
afiadora
viñateira
condutora
mineira
pementeira
palloceira
picheleira
compostelá
nai gallega
planetaria
pomba
branca
carmen
kikí
exiliada
aquí
en París
no ghetto
marcada
con estilo
con arracada
con cores
con artes
con S
con estrela
con triángulo

Continúa
CARME
BLANCO

apátrida
sen papeis
pobre
en Manthausen
Tolosa
A Coruña
London
Lugo
Madrid
Manhattan
altas antenas de amor
os meus cantares baixiños
ar arra ar
mel manan maina
nunca acaban
ala lala
ula ula
empezan nos desertos desterros
rematan nos ceos árticos
cántanse en Serra Morena
e resoan nas raias de Francia
namoran nos altos portos
e nas ribeiras cálidas
teño amores bonitos
en todas as terras estrañas
toda a terra é da xente
toda terra é estraña

DORES
TEMBRÁS

Dialogando con
*Meniña, ti a máis
hermosa*

acurtado o osixeno
ela
mecanizar cada exhalación
ollo que apresa a entreluz
coa vista fixa

unha cesura
a breve flexión nas pernas
xémea
ao abismo sobre os polegares

intento van
de reproducir o zunido das abellas
lonxe o sen alento
nin severidade
nin furia
o pescozo corintio
antes de

a fuxida de min
o abandono
a fuxida de min

inútil diafragma
e a cegas ortigarme
no ar denso
aniquilada a primavera
desterrado o canto do paxaro

[...]

Continúa
DORES
TEMBRÁS

sen inclinación de vértebras
admirar o ángulo da renuncia
que sostén os ombreiros

nin pousar en ramo verde
nin beber da auga clara

se nada hai xa
de quen calibraba a luz
na miña boca

MIRO
VILLAR

Dialogando con
Que ten o mozo?

*Marzo, marzal:
pola mañán, cariña de rosas,
pola tarde, cara de can.*

FALA ELA (desde o seu desasosego):
O teu rostro de inverno ora empardece,
ora de primavera xa alborece,
abala entre a fachenda e o amor cego.

Dáme a mesma dozura que che entrego,
non haberá ningún tece e destece
da que cose entre bágoas e entristece.
Ben se entende a nacemento do meu prego.

E FALA EL (desde a súa incomprensión):
Todo en ti ten beleza e fermosura
e anéganme mareas de amargura.

O teu silencio sábeme a traizón,
devezo a túa voz, morno aloumiño,
onda min a acalmar o remuíño.

GONZALO
HERMO

Cantares gallegos

Dialogando con
*Castellanos de
Castilla*

i

Vexo o ollo e véxovos a vós
pola travesa.

A man encinta unha orla nos bordos da pupila.

Vós observades ese órgano
e a man rastrea unha fenda pola súa superficie.
Un oco que sangra e non se ve,
que acaso se presente polo tacto.

A man enléase na busca e sofre.
Unha manda de insectos apiñanse no centro.

ii

Soubemos da existencia dos insectos polos tratados dos grandes sabios.

Os dedos da man percorren a pupila e non a manchan.
Os dedos da man están sucios.

O tacto, a vista e todos os sentidos
procuran na carne do ollo o que o ollo non di,
que unha fenda agroma desde dentro da retina.

O que haxa na fenda non nos asunta.
Asústanos non a atopar.

iii

Un sabio é unha persoa que ve.

A fenda segue aí e os insectos continúan a apiñarse.

E o tempo pasa.

[...]

Continúa
GONZALO
HERMO

iv

Houbo unha época en que as persoas non buscaban a fenda do ollo
e os insectos se espallaban libremente polas brañas
como nenos ceibos na hora do recreo.

Isto sucedeu antes dos sabios e das grandes catástrofes.

Vós agora franqueades a sombra do ollo.
Erguedes un muro que vos separa da luz
e habitades a noite.

Estades por detrás
onde se amorean os insectos en mandas e un frío glacial
ameaza con varrernos

v

Pero qué insecto, qué ollo, qué verso de que sabio
vos dobrega
ata dar cos dentes no chan
e babexardes
como animais devotos que soñan con espiñas.

Ruído de guerra,
digo.

E un vento ávegro que bate do nordés.

Esta é a devoción dos reprobados.

Este o castigo da desposesión.

Amámolo porque nos necesita.

Conspiramos contra el como un exército de bocas / que se traban

MARTA
DACOSTA

Dialogando con
A gaita gallega

nunca española!

*Probe Galicia, non debes
Chamarte nunca española.*

Rosalía de Castro

nunca española!

dúas palabras
afirmación radical
que alporiza
asimilados

(a gaita canta)

dúas palabras
ou subversión que palpita

que se instala na consciencia
de quen a ti se achega
espida de preconceptos
soñando no amor á terra

aquelas risas de mofa

aquelas risas de mofa
deformáronte

(a gaita canta!)

quixerante flor efémera

adorno que non precisa
de atención nin memoria

[...]

Continúa
MARTA
DACOSTA

mais a forza dos teus versos
foi unha man poderosa
que ergueu as túas palabras
para deitalas na boca
de nós
todas
para darnos
os azos que aínda cómpren
contra estas risas de mofa

e contigo repelimos
que a gaita galega chora

que hoxe segue chorando
pois máis de cen portos xa
seguen vendo marchar fillas
presas dunha nova argola
para o mesmo amo infame
que fama de honrado tiña

vampiro nos tempos de hoxe
disposto a chuchar a terra
a sorber o que aínda queda
e trae o xugo do reino
instrumento necesario
para deixarnos
secas

certo que a gaita aínda
deita alboradas sen gloria
mentres andamos as rúas
da patria nosa
e que os seus sons acompañan
as nosas gorxas que estoupan

mais a gaita aínda non canta
que chora: Galiza!
non debes chamarte nunca
española!

SUSANA
ARÍNS

Dialogando con
Vente a rapasa

isca de aí

*se não posso dançar, não é
minha revolução*
emma goldman

vem-te rapaça,
integra a revolta!
há música?
só hinos...

isca de aí
desordem calada
compasso marcado!

vem-te rapaça,
integra a revolta!
há dança?
só desfiles

isca de aí
sedición robótica
de sério carácter!

vem-te rapaça,
integra a revolta!
há versos?
só ordens

isca de aí
palavras na areia
castelos no ar!

vem-te rapaça,
integra a revolta!
há moças?
só soldados

[...]

Continúa
SUSANA
ARÍNS

isca de aí
viril alvoroito
sussuro estorvado!

vem-te rapaça,
integra a revolta!
 há risos?
 chist!, isto é grave...

isca de aí
alegrías adiadas
e nunca chegadas!

isca de aí
cara de cão
isca de aí
pita maldita
sem músicas
sem danças
sem versos
sem moças
sem risos
não será essa
a minha revolta!

LINO
BRAXE

Dialogando con
Cando a luniña
aparece

Que non estou só?
estou máis só que a lúa
e non posúo outra cousa
que o contorno da miña solitaria sombra.

Aló as montañas confusas
de espesas nebras se cobren
e a casa branca en que el vive
en sombra espesa se envolve.

Tal vez antes era diferente.
Contemplábame nos seus ollos
agora cada mañá no espello contemplo
na soidade das meniñas
o fracaso de non ter sabido convivir
coa gloria día a día.
O tesouro do seu amor foi a discreción
mais a miña desmesura
transformou o diamante nunha pedra negra
tan insensible ás chamadas da alegría
como o meu propio corazón carbonizado.

Aí tes o meu corazón
se o queres matar ben podes
pero como estas ti dentro
tamén se o matas morres.

[...]

Continúa
LINO
BRAXE

Nunha noite de reis
cando a luniña aparece
e o sol nos mares se esconde
arroxados aos ventos
somos o agoiro dos mortos.

O ronsel da miña vida loce
sobre a negra seda do drama,
a insignia confederada dos perdedores.
Seremos só o pó da historia.

ARTURO
CASAS

Dialogando con
Si a vernos,
Marica, nantronte
viñeras

*Perdida a vontade de querer ficar, ou
derradeira quedada coas que se irán
(anacreóntica para Chus Pato)*

A festa, o exceso subalterno de acalmar historia e traballo
que volven, que volven de vez desde a noite na que a noite
marcou a ferro sobre os corpos da infancia acabada un rito, a teima
aquela dunha voz a saír dos adros, il canto popolare a emerxer

do fondo das barras cun copo de viño novo: *“Sede quen fostes cando
nin nome había que dar a quen chegaba nin preces sabiades
que non fosen de morte, de cópula”*. Persiste entón
ninguén disentiría hoxe a música de crebar o tempo e dicirlle

abonda! á crenza de serdes algo, de sermos unha a unha algo distinto
no plano xeral da crónica que se detén nos parques extremos de
Europa e indaga logo na bocarribeira aberta ao océano
de fuxirdes, de se arredar do dominio, este aquí de historia

e traballo, sol e grea, o calendario extremo de numerar as fames
e o riso cíclico, lúas e abruños, a demasía e a forza estrada
na cerimonia sacralizada da débeda orixinal, este festival,
esta contrarrevolución en streaming. Nacestes,

Sheila, bébedas. Cos restos dunha festa non vosa, herdades
purrela e zurro, vómitos anónimos sobre a almofada branca
duns soños improprios, ditados. Escoitádea violenta, memorizade
a bocallada a atoar caneiros, iPods, linguaxe. É o frémito

do capital no serán travertino do continente, a pauta de pautaren
ferróns de os mercar na serodia feira campesiña
para os levar convosco na romaría inacabada de irdes
outravolta lonxe co antigo relouco de ser quen xa fostes.

Quen é esa señora detrás do tonel?
Quen somos nosoutros que isto miramos?

MANUEL
FORCADELA

Retrato

Dialogando con
*Como chove
miudiño*

Un home que pasaba o tempo a cavilar
no tinto da amargura, no caldo da aflición,
levado da outonía das crenzas e os sentidos,
un louco anacoreta dispondo o ritual
nas torres da distancia,
cantaba á súa maneira:
“Como chove miudiño”.

Era algún deses gañados
polas aves do horizonte,
un que tiña as noites claras
sobre a sombra da conciencia
e levaba unha lanterna con hexámetros e música;
alguén entre os que viven no baúl do esquecemento
cando vai levar o gando
no fulgor da mañanciña,
entre os millos a cantar:
“como miudiño chove”.

Era o resto dos incendios dunha lámpada apagada,
letra vella sobre os mapas ou pegada sobre a area
dunha praia lamacenta
e fonte, pedra e souto
nunha luz de mediodía,
corazón de sentimento:
“pola banda de Laíño”.

E nun voo de labios tenros
dos que deron en perderse
ou viraron nun amargo desconsolo e pesadume
tiña as horas e os segundos como as sílabas dun verso
torturado polos golpes dun martelo de silencio.
a deitar pesadas áncoras sobre o leito dalgún río
“pola banda de Lestrove”.

MARGA
DO VAL

Dialogando con
*Miña Santa
Margarida*

Miña santa Margarida
Margarida, minha Senhor
Xuntas no monte feridas
Desa chama que é amor.

De vós vivo namorada
En vós penso con fervor
Que eu ben sei que nos contenta
Este alegre libre amor.

Xunto a vós vivir segura
Mel no corpo derramado
Doces bicos que se abren
Ferve a fonte de auga pura.

Fervedouro de tenrura
Voso rostro relucente
Polas coxas as formigas
Polo van o medo ausente

Miña fermosa gacela
Margarida, minha Senhor
Tendes a casa no monte
Onde canta libre amor.

*Abrírmonos
Como a rosa purpurina
Como flores do xilmendro.
Agromarmos.*

MARILAR
ALEIXANDRE

Alborada 2013

Dialogando con
Alborada

Arriba!
rapazas todas do lugar
escribide o destino
coa vosa propia man
En pé!
toleirona mocidád
escorrentade as tebras
desta cibdád

Cantora
do Sar
Señora
da palabra:
canta!
canta porque a luz se abra
canta!
canta porque o vimbio medre
canta!
canta que o cemento foxe

que roxe
a liña do horizonte
roxando de esperanza
que roxen
país e xentes
arelando mudanza

[...]

Continúa
MARILAR
ALEIXANDRE

danza!
celebra a primavera
rebutando nas flores
longa de máis a espera:
xa chegan
gaiteiras e cantores

Rubia aurora
chega rindo
e as portañas
vai abrindo
as raiolas
perseguinto
sono atroz

Voz
da Cantora
ceo escarlata
racha néboas:
hoxe é a data,
vella negrume
da noite arrebatada
co fulgor

Isca noite!
vai marchando
longa pedra
foi durando
sombra e tebra
descallando
Sal!

Cantora
prende o escintileo da aurora
prende a luzada da lingua
chegados día e hora
prende o lume!
non pode haber demora

Convócote a cantar
aquí, do Sar nas beiras,
unindo a miña voz
ás herbas ventureiras
á píntega e ao merlo
aos que berran nas prazas
choendo dignidade,
e nas portas das casas,
xunto aos desafuzados
resisten á inxustiza.
Convócote a cantar
Cantora, por Galiza!

Arriba!
rapazas todas do lugar
escribide o destino
coa vosa propia man
En pé!
toleirona mocidád
que aturuxaremos
o alalá

CLAUDIO
PATO

Dialogando con
*Eu cantar, cantar
cantei*

eu cantar, cantar cantéi

(pin pan pum señoras a monte 150 anos de cantares gallegos ou ecos de narcisa en xeito de tempos animais e de verduras ó se rascar)

Rebeca fala para pensar Rosalía de espazamentos de tempo no virtual que mudan en cada ocasión, isto é, dun continuo vir do canto da liña de universo dxs calquera ó ela desterritorializar o espazo molar e deixar vir o conto das moléculas; as liñas de fuga que as atravesan, os climas, os contaxios que o entre elas o se rascar producen.

isto aclara o por que pre nós a cantora “gallega” ten a mesmiña sonosfera, vamos os mesmiños ritornelos que Universo.

debes pensar un texto para ler un canto, vamos → para cantar

antes debes re-parar na dor deste tempo para cantar cando unha fala, unha existencia e unha maquina de guerra-escritura

nunca cando un discurso.

máis ben

ao fin será das superficies de implante de onde a fala colla toda potencia

mais

por que este corpus e non outro?

esta morte? este territorio? esta climatoloxía?

e

todos estes enxertos?

[...]

Continúa
CLAUDIO
PATO

- estes días ando moi confundida, pero moito, e é cando me din q
estou de atar e aconsellan o meu internamento, o meu asilo.

PERO EU CANTO

pois non son un poder como si o son o exército a igrexa a tv o
facebook inditex repsol ou os centros de internamento

→ pero cando dis: moi confundida polos disparos, entendemos q este
cantar é rizomatico

pois a el se achega o baile o heteroxéneo cando as defuntas e o
propio de toda escritura: a súa propia instancia performativa

para xunto a vós vivir segura.

eu cantar, cantar cantei

cantar así montuna cando os paxariños

as vidas todas entre as cortiñas sobre as superficies en fonduras
[dos planetas

de espicarnos pouco
mais do canto, canto!
cartuchos dos liñares *cántigas como quen non quer a cousa*

Ao “tomber” seu corpo foi sepultado xusto xunto ó mar maior da
[cidade de Paris.

A súa morte anunciada na tarde do 25 de febreiro de 2017. Pola
maña, Alicia topouna esganada na súa casa da Matanza, Padrón.

para espicar certas cousas,

que a veces *por fóra un canta*

mentres que por dentro un chora.

Máis tarde entre medias das turbulencias da Revolución
Francesa o asalto Da Comuna e os fusilamentos de Carral,
perdeuse noticia da súa vida; mais non así dos cantos que dela
restaron.

Cantei como mal sabia,

dándolle reviravoltas,

cal fan aqués que non saben

direitamente as cousas.

o sol as pombas as augas a luz os aires mainos

o figado hepático e as rosas a terra e as prantas hermosas

o cerebro inestable as nibras as montañas rotas as mesetas

as campaiñas que dobran

os choucallos as vacas loucas...

a espuma das brancas cousas

Antes de se aforcar para logo dunha vida en privado co seu
favorito cinto marrón, escribiu: Coidade dos cans; ámovos, Rosa.

MAIS

eu cantar, cantar, cantéi

para xunto a vós vivir segura.

pero como, en que condicións?

[...]

Continúa
CLAUDIO
PATO

en todas.

A mesma pregunta se fai Rosalia no que vai na viaxe dos cantos dos catares das cantigas

Pero como?

A pregunta entón mudaría o tema ó ela lle dar un arrimo ó maña á tumba.

Antes

Incluso da electrificación das cortiñas baixo os terraplens do ventre preñado das ovellas.

como!

Se o tempo asombra...

Un día

→ pero como, quen? Cando?

Un musculo...

Mama, mama non. Pensar, pensar como o pensamento se fai libre. Acaso o corpo, a resistencia, a resistencia non. O que Rosalia pode.

para xunto a vós vivir segura.

eu cantar, cantar, cantéi

LUZ
POZO

Tempos menesterosos Rosalía

En dialogo con
Rosalía

Nacer naciches coas flores:
en tempos menesterosos

Semella unha profecía:

O mar de Orzán está en calma
no Sar -de amor- apenas se respira

No silencio da sombra consagrada
bates coas noites frías

de obstinados reiseñores na porfía,

miña amada miña amiga...

Muller que en tal signo nace
enlía o espacio inviolado
coma unha pomba ferida
desde o monte Xistral ata as Fisterras
en total e absoluta perspectiva

miña amada miña amiga...

[...]

Continúa
LUZ
POZO

Transida de herbas moi leves
de herbas moi finas transida

escoitas o son da noite
escoitas o son dos días

pasan dornas pasan almas
pasan as aves branquísimas

e levas camelias murchas
na propia ausencia ferida

descalza e alucianada
te mostras en carne viva

miña amada miña amiga...

adios ríos adios fontes
sobre o teu corpo sideral chovía

e chovía chovía...

desde Padrón a Santiago ibas descalza
e chovía...

miña amada miña amiga

ao lonxe soa unha gaita
que a paisaxe estremecía

se a gaita canta ou se chora
dínolo ti Rosalía

miña amada miña amiga...

Se choras es ti quen chora
ti es a Rosa dos ventos fuxidía

onde se pule o misterio
onde esa prata se pulía

onde se eleva a conciencia
quedou un sesgo de cinza

e onde o Pórtico da Gloria abre as súas portas benditas

queda unha flor vulnerada
queda unha rosa aterida

quedan fragmentos de soños
queda o misterio da vida

os finos ouros do Sil reclaman fama e cobiza

e nas estancias do pazo
as sombras de Rosalía

tristes pianos de loito
voces de alondra ferida

miña sombra miña amiga...

[...]

Continúa
LUZ
POZO

O Sar camiña a modiño leva saudades e lilas

leva o valeiro das almas
e a soidade radial de Rosalia...

e a paixón extremada polos fillos
e unha dolor escura e informe de inverniá

Negra Sombra Negra Sombra
rosa de morte ás veces desvaría

incendiábanche a noite
marcáronche con lume a fábula da vida

miña sombra miña amiga...

Naceras cando as flores
na espidez ontolóxica
dunha saudade cruel radicalísima...
e aquí pervives; para ti non hai morte
badaladas TON TON de Pura Gloria
interna sinfonía

eternamente xuntas na memoria
mares montañas rios luz do día

salmos sagrados xestas palpitantes
un libro -o corazón- mítica historia

versos de morte e amor actualizan
paixón da dor eterna

símbolo escravo verbas sibilinas...

Padrón Padrón Padrón Sempre en Galicia

miña sombra miña amiga...

XOSÉ MARÍA
ÁLVAREZ
CÁCAMO

Dialogando con
*Como chove
miudiño*

Chove na luz da memoria,
chove no tempo de sempre,
chove hoxe, mañá chove

pola banda de Laiño,
pola banda de Lestrove.

Chove nas horas da infancia
escuras e clausuradas
da mañá que non se move

pola banda de Laiño,
pola banda de Lestrove.

Ballón, cairo, coriscada
na festa dos anos mozos,
que se estraga porque chove

pola banda de Laiño,
pola banda de Lestrove.

Chove sempre en Compostela
e dentro da miña alcoba
de estudante tamén chove

pola banda de Laiño,
pola banda de Lestrove.

Marmaña, babuxa, arroia
no instante feliz do amor
que abanea e se conmove

pola banda de Laiño,
pola banda de Lestrove.

Navegando na enxurrada,
a familia volve á casa.
Rematou a viaxe. Chove

pola banda de Laiño,
pola banda de Lestrove.

Chove a fío, chove a rego
e chove sobre mollado.
Vou para vello. Aínda chove

pola banda de Laiño,
pola banda de Lestrove.


Como chove miudiño
nos versos de Rosalía.
Hai cento cincuenta anos
chove, chove, chove, chove

pola banda de Laiño,
pola banda de Lestrove.

Índice de poetas

Oriana Méndez.	15
María Lado.	17
Olalla Cociña.	19
María Reimóndez	21
Xabier Cordal	23
Román Raña	25
María Xosé Queizán	27
Xulio L. Valcarcel	31
Manuel Darriba	33
Cesáreo Sánchez.	37
Xavier Queipo	39
Antía Otero	41
Luis González Tosar	43
Claudio Rodríguez Fer.	45
Elvira Ribeiro	47
Helena Villar Janeiro.	49
Celso Fernández Sanmartín	51
Eva Veiga	53

Eduardo Estévez	55
Yolanda Castaño	59
María do Cebreiro	61
Carmen Blanco	63
Dores Tembrás	69
Miro Villar	71
Gonzalo Hermo	73
Marta Dacosta	75
Susana Aríns	77
Lino Braxe	79
Arturo Casas	81
Manuel Forcadela	83
Marga Doval	85
Marilar Aleixandre	87
Claudio Pato	91
Luz Pozo	95
Xosé María Álvarez Cécamo	100



Este libro é o resultado
da iniciativa
"De Cantares Hoxe",
promovida polo programa
Diario Cultural
da Radio Galega
e apoiada pola
Fundación Rosalía de Castro

www.fundacionrosalia.org
www.diariocultural.es
www.radiogalega.es

FUNDACIÓN
ROSALÍA DE CASTRO

